

NORMATIVA DE MOBILIDADE DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL

Contido

Contido	1
1. Obxecto	1
2. Mobilidade de estudantes saíntes da EEI en programas de mobilidade de estudos	2
2.1. Duración e requisitos de idioma	2
2.2. Acordos académicos e matrícula	2
2.3. Recoñecemento	3
3. Mobilidade de estudantes entrantes na EEI	4

1. Obxecto

O regulamento da mobilidade internacional da Universidade de Vigo (UVigo), aprobado en consello de goberno do 7 de maio de 2013 e modificado de consello de goberno do 9 de outubro de 2017, ten como obxectivo potenciar a mobilidade internacional dos membros da comunidade universitaria e constitúe o marco normativo de referencia no que se desenvolven as actividades de internacionalización.

En particular, os programas de mobilidade da Universidade de Vigo guían e organizan estas actividades facilitando que os estudantes cursen parte dos seus estudos noutras universidades, españolas ou estranxeiras.

Cada programa de mobilidade convocado pola UVigo réxese polas bases da respectiva convocatoria que, normalmente, determina os requisitos mínimos no que respecta a créditos superados, número de créditos que se poden cursar en mobilidade, coñecemento de idiomas, etc. No caso do programa Erasmus-estudos, ademais, o proceso de selección vén determinado pola normativa de selección de estudantes aprobada en cada centro.

<https://eei.uvigo.es/gl/escola/normativa-procedementos-e-formularios/erasmus/>

O obxecto da presente normativa é recoller o conxunto de directrices adicionais que regulen as condicións da mobilidade no caso das titulacións de grao e mestrado universitario impartidas na Escola de Enxeñería Industrial (EEI) da UVigo, de xeito que se alcance un equilibrio entre o fomento da mobilidade dos estudantes e o compromiso co contido formativo das titulacións da Escola recollido nas memorias dos títulos e baixo o Sistema de Garantía da Calidade.

O ámbito normativo é o establecido no regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, nas bases e anexos das diferentes convocatorias de mobilidade da UVigo, na normativa de selección de estudantes da EEI para o programa de mobilidade Erasmus-estudos, no regulamento de prácticas en empresa da EEI e nos regulamentos de Tralallo de Fin de Grao e Tralallo Fin de Mestrado da EEI.

2. Mobilidade de estudantes saíntes da EEI en programas de mobilidade de estudos

2.1. Duración e requisitos de idioma

— Por norma xeral, a mobilidade terá a duración dun cuatrimestre e, preferentemente, incluírá materias do último curso da titulación.

— O alumno deberá acreditar o nivel de idioma que requira cada convocatoria de mobilidade de estudos. No caso do programa de mobilidade Erasmus-estudos, non será obrigatorio presentar o certificado de idioma durante o proceso de adxudicación de prazas na EEI, pero nese caso non se poderán obter os puntos previstos na normativa de selección.

En calquera caso, o estudante deberá acreditar o nivel de idioma no tempo e forma que estipule a universidade de destino durante o seu proceso de admisión. A universidade de destino pode requirir un certificado de idiomas específico ou un título cunha antigüidade inferior a un certo umbral. É responsabilidade do alumno comprobar estes requirimentos na páxina web da/s universidade/s de destino que solicite.

2.2. Acordos académicos e matrícula

— As materias que vaian ser obxecto de recoñecemento académico deberán figurar nun acordo académico (learning agreement, contrato de estudos) que deberá ser aceptado, no marco do regulamento da Universidade de Vigo, pola dirección da Escola de Enxeñaría Industrial a través da súa subdirección de RR. II.

— O alumno é responsable de matricularse correctamente na UVigo de todas as materias que pretenda superar no curso académico (tanto as que curse na Escola como as que curse en mobilidade) e de comunicar á secretaría do centro o contido do acordo académico para que se realicen as modificacións pertinentes nas actas. O alumno tamén é responsable de tramitar en tempo e forma a admisión e matrícula na universidade de destino.

— Os acordos académicos poden ser obxecto de revisión, por causa xustificada, ao inicio de cada semestre durante un período máximo dun mes. Para iso, o alumno deberá poñerse en contacto ca

dirección da Escola, a través da subdirección de RR. II., para solicitar unha modificación no acordo académico tan pronto como coñeza a causa que xustifica dita modificación.

— En caso de aceptarse modificacións no acordo académico, o alumno é responsable de comunicalos á Secretaría da Escola para que se realicen as modificacións pertinentes nas actas.

— O acordo académico deberá incluír como mínimo 18 ECTS de materias ordinarias recoñecibles da UVigo (non se contan os créditos do Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Mestrado). De xeito excepcional, un acordo académico poderá incluír menos créditos da UVigo se son os últimos que lle quedan ao estudante para rematar a titulación. En todo caso, a matrícula do alumno no centro de destino deberá incluír 18 ECTS (e recoméndase que inclúa 30 créditos). O acordo académico recollerá a vinculación das materias de destino cas de orixe, podendo quedar créditos de destino sen vincular con créditos da UVigo. Todos os créditos que se superen en destino e estean incluídos no acordo académico figurarán no Suplemento Europeo ao Título, independentemente de que se recoñezan ou non por créditos da UVigo.

2.3. Recoñecemento

— Non se outorgará recoñecemento académico en mobilidade a materias da primeira metade do ciclo de estudos (de 1º e 2º curso no caso de Programas Conxuntos de Estudos, PCEOs).

— En ningún caso poderán recoñecerse en mobilidade materias previamente suspensas na Escola de Enxeñería Industrial.

— Poderán recoñecerse ata 36 créditos ECTS nun intercambio cuadrimestral. No caso de que o alumno realice máis dunha mobilidade ou un intercambio de curso completo, o máximo número de créditos recoñecibles será de 66 ECTS.

— En caso de mobilidade internacional a universidades de referencia, e unicamente para asignaturas optativas de último curso dos distintos itinerarios das titulacións, a dirección da Escola —a través da súa subdirección de RR. II.— poderá propoñer á Comisión Permanente da EEI o recoñecemento por bloque de créditos dun máximo de 30 ECTS destas materias, sen que sexa necesario que os contidos das materias de destino coincidan cos das materias da EEI. Neste caso, o alumno deberá superar todas as materias do bloque na universidade de destino para que se poida recoñecer o conxunto correspondente de materias na EEI.

Aquelas materias optativas dos itinerarios de grao que teñan contidos necesarios para a realización do Mestrado en Enxeñería Industrial da EEI a través dun dos itinerarios previstos non poderán ser incluídas nun recoñecemento por bloque deste tipo.

—No caso de recoñecemento por bloque de créditos, a nota asignada a todas as materias da EEI será a media ponderada das notas obtidas en destino. En caso de recoñecemento individual, a cada materia da EEI asignaráselle a nota da materia equivalente en destino (ou a media ponderada das materias de destino, en caso de que fose preciso máis dunha materia para facer o recoñecemento). En calquera caso, as notas de destino serán convertidas ao sistema de notas da UVigo mediante a pertinente táboa de conversión (tomando como base as táboas de equivalencia publicadas polo Ministerio).

— Poderá recoñecerse a mención de matrícula de honra obtida nunha materia cursada noutra universidade española cando se cumpran os requisitos seguintes: a) o alumno obtén en destino unha nota de sobresaínte (≥ 9) con mención de matrícula de honra; b) o certificado académico oficial ou un cargo académico ou administrativo da universidade de destino certifican que a nota do alumno está entre o 5% das notas máis altas; c) non se esgotou o número máximo de matrículas de honra dispoñibles na EEI para esa materia nese curso académico; d) a nota obtida en destino é superior á dos alumnos ordinarios da EEI que, nese curso académico, tivesen acadado nesa materia unha nota de sobresaínte pero non a mención de matrícula de honra.

A decisión de concesión adoptarase unha vez que teña finalizado o curso académico e se poidan consultar as actas definitivas da materia.

3. Mobilidade de estudantes entrantes na EEI

— Recoméndase que os alumnos de intercambio entrante teñan un nivel B2 no idioma de impartición das materias que desexen cursar na EEI.

— Como regra xeral, os alumnos de intercambio entrante matricularanse nun máximo de 30 ECTS. A subdirección de RR. II. da EEI pode autorizar, por causas xustificadas, a matrícula nun número superior de créditos.

— Como regra xeral, non poderán incluírse nos acordos académicos materias impartidas fóra das dependencias da Universidade de Vigo. A subdirección de RR. II. da EEI poderá autorizar, tras a análise de cada caso individual, a matrícula dun alumno de intercambio entrante en materias deste tipo.

— Para que un alumno de intercambio entrante poida cursar unha materia optativa da EEI será necesario que alomenos un alumno da EEI estea matriculado nesa materia.

Aprobado en Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría Industrial celebrada o 18 de decembro de 2023.

